

Public. 2930

**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Memoria 1996**

**Aprobada na Comisión da BUSC de 15 de Abril de 1997**



**BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**Memoria 1996**

**Aprobada na Comisión da BUSC de 15 de Abril de 1997**

## MARCO XERAL

En 1996 hai que destacar na BUSC a posta en marcha de diversas liñas de actuación cara a renovación tecnolóxica e o mellor aproveitamento polos usuarios e o persoal da biblioteca dos recursos automatizados que se están a crear dende 1992. Estas liñas concrétaróse en:

• Instalación e posta en funcionamento dos novos equipos (ordenador, terminais e Pcs fundamentalmente) e conexión ó SECUS, o que supuxo que en 1996:

1. Os fondos automatizados ata este ano reuníronse nunha soia base de datos
2. A consulta desta base de datos é accesible dende calquera ordenador conectado ó SECUS e dende Internet.
3. Facílítanse os labores de catalogación do persoal da BUSC ó non ter que duplicar catalogacións xa existentes na base de datos.
4. Inicio da reconversión do catálogo de publicacións periódicas da BUSC.
5. Inicio da automatización da catalogación en curso en tódalas bibliotecas do Campus de Santiago, agás Dereito, Políticas e Relacións L que aínda realizaban este proceso manualmente (CC. Económicas e Empresariais, Xeografía e Historia, Medicina e Maxisterio de Santiago)
6. A base de datos de usuarios da BUSC é única co conseguinte mellor control do servizo de préstamo, e a eliminación de cargas de rexistros de usuarios en cada unha das instalacións anteriormente existentes.

7. Incorporación da expedición de cartas de lector automatizadas nas bibliotecas do Campus de Santiago que non iniciaran a súa automatización e inicio do préstamo automatizado daqueles fondos xa incluídos na base de datos bibliográfica (Xeografía e Historia, CC. Económicas e Empresariais, Medicina e Maxisterio de Santiago).

8. Posta en marcha en tódolos puntos de servizo da BUSC do correo electrónico e do conxunto de aplicacións de Microsoft Office.

- Desenvolvemento e adquisición dos equipos e licencias das bases de datos para poñer en marcha unha rede de CD-ROMs, que se encontra a punto de entrar en servizo no momento de redacción desta Memoria. Esta rede permitirá rendabilizar aquelas bases de datos máis interdisciplinares que ata o momento se encontraban instaladas en versión monoposto en distintas bibliotecas. A rede permitirá a consulta non só dende as bibliotecas senon dende calquera punto conectado ó SECUS.

- Inicio da catalogación automatizada dos fondos anteriores a 1997 da Biblioteca de CC. Económicas e Empresariais. Estes traballos realízanse cunha empresa por un importe de 37.154.777 ptas. Os traballos supoñerán tamén a reordenación dos fondos cara á dispoñibilidade en acceso directo.

- Reconversión dos catálogos manuais do Campus de Lugo, adxudicada a unha empresa por importe de 16.898.750 ptas. Estes fondos estarán consultables na base de datos a finais de marzo de 1997.

•As remanentes presupostarias producidas nos concursos para a adxudicación dos traballos de CC. Económicas e Empresariais e Campus de Lugo a que vimos de referirnos, permitiron á BUSC elabora-los pregos de prescripcóns para a reconversión dos catálogos manuais da Biblioteca da F. de Medicina e dalgunha sección da BX, pendente de adxudicación no momento de redacción desta Memoria.

•Automatización do préstamo interbibliotecario na Biblioteca da Facultade de Medicina.

•Adquisición e conexión ó SECUS dunha liña de fax que permite o intercambio de información e envío de fotocopias entre puntos de servizo da BUSC sen custos de transmisión. Este servizo, por razóns alleas á BUSC, non puido poñerse en funcionamento ata principios de 1997.

Este conxunto de actuacións foron prioritarias para a BUSC. Pero houbo moitas outras liñas de traballo que se continuaron ou se iniciaron no ano 1996. Delas darase conta nos distintos apartados desta Memoria.

## PRESUPOSTO

O presuposto aprobado pola Xunta de Goberno da USC para a Biblioteca Universitaria en 1996 foi de 404.000.000 ptas (incremento do 10.08% sobre o de 1995), os que hai que engadir 62.000.000 ptas. para automatización de catálogos dentro dunha partida presupostaria do Vicerrectorado de Investigación e Terceiro Ciclo. A distribución do presuposto da BUSC por Capítulos foi a seguinte:

- Capítulo 2: 30.000.000 ptas. (ademáis das partidas correspondentes á BX coma Centro: reparacións edificios, suministros, etc.).

- Capítulo 6: 374.000.000 ptas.

Estes créditos incrementáronse con diversas aportacións:

- Axudas Infraestructura Xunta de Galicia: 60.000.000 ptas.
- Aportacións de Depart., Proxs., Centros: 42.605.151 ptas.
- Ingresos por servicios: 19.489.313 ptas.
- Descontos en librerías: 2.460.490 ptas.

Agora ben, hai que ter en conta que os ingresos por servicios non supoñen beneficios netos da BUSC, dado que os servicios prestados supoñen custos considerables, especialmente os de préstamo interbibliotecario do que proceden a maioría dos ingresos. Así dos 12.871.772 ptas. que corresponden a ingresos da BX,

8.232.292 ptas. corresponden a pagos realizados a provedores e só 4.639.480 ptas. a beneficios sen imputa-los gastos do persoal.

As aportacións de Departamentos, Proxectos de Investigación e Centros concentráronse preferentemente nas adquisicións bibliográficas ás que se dedicaron 34.945.398 ptas. O desglose por tipos e Centros pode verse no gráfico correspondente ó final deste apartado, onde destacan moi especialmente as aportacións feitas nas Facultades de Filoloxía e Dereito.

En conxunto, pois, son 439.405.888 os que se dedicaron a adquisicións bibliográficas, 37.271.682 a equipamento (ós que habería que engadir 17.000.000 ptas. para a instalación dunha rede de CD-ROMs, dos que 10.000.000 foron financiados pola Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología dentro do Programa para a Investigación Científica y el Desarrollo Tecnológico) , e 32.388.071 en material.

O presuposto ordinario distribuíuse de acordo ós criterios aprobados na Xunta de Goberno, a proposta da Comisión da BUSC, e que non varairon sustancialmente nos últimos anos.

Dos 342.000.000 ptas do crédito ordinario dedicados a adquisicións bibliográficas, 212.000.000 ptas. foron para o pago de subscripcións a publicacións periódicas, supoñendo un incremento do 6% sobre o ano 1995. A estes engadíronse 11.522.703 ptas. da remanente derivada da contención de prezos en 1995. En total, as publicacións periódicas importaron 220.310.424 ptas.

O feito máis salientable na execución presupostaria de 1996 é o forte incremento das subscripcións a **publicacións periódicas**, que retomaron a tendencia interrompida en 1995 respecto ás subas superiores ó 15% anual. Coas lixeiras variacións que poda supoñe-lo cambio de divisas, o incremento das subscripcións a revistas foi neste ano o 16.88%, aínda que hai que ter en conta 2 acordos da Comisión da BUSC:

1. Procedeuse ó cambio a Cd-ROM en rede de 21 bases de datos antes en versión monoposto ou papel, o que foi posible pola remanente orixinada en 1995 dada a contención de prezos nese ano. Hai que ter en conta que ademáis das vantaxas que a rede implica no servizo ofertado e a conseguinte rendabilización da información, existe dende hai anos unha tendencia cada vez máis forte a que os presupostos das bibliotecas se destinen a pagar o acceso á información (licencias de uso, etc.), máis que á propiedade da información propiamente dita. En conxunto o cambio a CD-ROMs en rede importou 5.358.801 ptas. máis que o custo desta mesma información en 1995, importe no que están incluídas as licencias e os incrementos de prezos das bases.


2. Incrementáronse as subscripcións a títulos da Facultade de Ciencias Políticas (242.449 ptas.), e dun título na F. de Bioloxía dada a considerable demanda deste título en préstamo interbibliotecario.

É preciso sinalar tamén que na distribución dos custos das subscripcións por Centros, tal e coma pode verse no gráfico incluído ó final deste apartado, inclúense na BX tódolos custos das bases de datos en rede, polo que se incrementa fortemente o presuposto desta Biblioteca fronte ós de anos anteriores (1995: 6.970.045; 1996: 20.231.103), xa que se pagaron bases correspondentes a subscripcións de Centros en anos anteriores por un importe de

9.108.840 ptas. Lóxicamente diminúe ou incrementase moi pouco noutros Centros (Bioloxía 1995: 14.724.930; 1996: 13.383.825; Química 1995: 25.538.176; 1996: 26.688.971).

O presuposto ordinario de **publicacións unitarias**, 130.000.000 ptas., supuxo un incremento do 30% sobre o de 1995. Dado que non existía en 1996 ningunha nova titulación que precisase unha dotación extraordinaria inicial, este presuposto distribuíse de tal xeito que se incrementaron as partidas base e as de investigación nun 30%, mentras que as de alumnos o fixeron nun 32%, recollendo unha suxerencia da Xunta Técnica da BUSC que tiña en conta que os novos planos de estudio precisaban o reforzamento da bibliografía deste grupo de usuarios.

A participación de cada punto de servizo da BUSC no presuposto de adquisicións bibliográficas é a que pode verse no gráfico seguinte:



Pese ós esforzos que supuxo asumir un incremento de presuposto en adquisición de monografías dun 30% sen ningún incremento no cadro de persoal, a maioría das bibliotecas pecharon o exercicio co seu presuposto executado. Soamente as Facultades de Farmacia, Matemáticas, Química e Humanidades pecharon con máis do 11% do seu presuposto sen facturar. Hai que destacar pola contra que a Biblioteca da F. de Física e E.U. de Optica que tivera importantes remanentes nos anos 1994 e 1995, regularizou este ano a situación, e moi especialmente á Biblioteca da F. de Filoxía e á BX que están a executar un importante presuposto con moi poucos efectivos humans en adquisicións.

O presuposto ordinario de equipamento, 32.000.000 ptas., ademáis de permitir completar mobiliario en distintas bibliotecas, permitiu:

- Apertura dunha nova sala de consulta na Biblioteca da F. de Química

- Dotar a tódalas bibliotecas con fondos audio-video dos correspondentes equipos lectores.

- Renova-lo parque de fotocopiadoras en 11 bibliotecas

- Dotar a tódalas bibliotecas de equipos de fax.

- Renova-los periféricos da BX e da Biblioteca de Filoloxía que quedaran pendentos en 1995.

- Dotar de periféricos ás bibliotecas que aínda non estaban conectadas ó sistema automatizado da BUSC (Dereito, Enfermería, Bibliotecas do Campus de Lugo).

Dado que estes equipos tiñan un importe inferior á dotación presupostaria aprobada pola Xunta de Goberno, a Comisión da BUSC na súa xuntanza de 13 de Maio decidiu que 3.000.000 ptas. foran investidos na colocación de códigos de barras nos fondos de Filoloxía e Xª e Historia, aportando estes Centros outros 3.000.000 ptas. No momento da redacción desta Memoria os traballos foron xa realizados na segunda das Facultades e están a punto de rematar na primeira.

O presuposto do Capítulo 2, 30.000.000 ptas. (incremento do 7.14% sobre 1995) distribuíse con iguais criterios que o ano anterior, isto é, establecendo 3 grupos de bibliotecas (Intercentros, Facultades e Escolas Universitarias) e incrementando nun punto o crédito das bibliotecas non automatizadas sobre as automatizadas.

Mantívose tamén o criterio corrector do número de usuarios por biblioteca.


Ademáis aumentouse considerablemente o crédito das bibliotecas de Escolas Universitarias (13.92%) que ata este ano tiñan un presuposto moi reducido en material. Finalmente incrementouse en 1.000.000 ptas. o crédito de BX para poder facer fronte a algunhas restauracións urxentes dos fondos patrimoniais da USC. Os importes correspondentes a cada punto de servicio poden verse na táboa incluída ó final deste apartado.

**PRESUPUESTO ORDINARIO**  
**Distribución por Bibliotecas**


Centros	Monografías	Publicaciones	Total adquis.bibliográf.	Capít. 2	Total
BX	27.673.850	20.231.103	47.904.953	11.518.163	59.423.116
Biología	3.616.798	13.383.825	17.000.623	1.004.317	18.004.940
CC Económicas	9.156.236	6.448.612	15.604.848	1.588.258	17.193.106
Der., Polít., Graduat.	12.847.107	10.373.404	17.687.822	1.814.721	19.502.543
Famacia	4.125.766	21.116.933	25.242.699	1.053.451	26.296.150
Filología	10.280.152	4.848.317	15.128.469	1.369.803	16.498.272
FªCC Educ, Psic.	13.259.570	8.483.433	21.743.003	1.379.693	23.122.696
Física e Opt.	4.376.013	30.293.779	34.669.792	1.098.061	35.767.853
XªHªCC Inf.	11.164.098	5.834.399	20.273.497	1.257.244	21.530.741
Matemáticas	3.399.683	23.655.335	27.055.018	938.132	27.993.150
Medicina	4.383.522	25.436.403	29.819.925	1.075.833	30.895.758
Química	3.652.405	26.688.971	30.341.376	984.942	31.326.318
Vet. e Polít.	7.826.087	13.263.373	21.089.460	1.400.000	22.489.460
CCs. e Humán.	5.744.134	4.971.389	10.715.523	985.324	11.700.847
MaxistLugo	2.057.029	658.706	2.715.735	575.239	3.290.874
MaxistSantiago	2.840.715	1.230.929	4.071.644	690.093	4.761.737
Empresariales	2.132.433	958.287	3.090.720	723.882	3.814.602
Enfermería	1.463.992	394.187	1.858.179	524.844	2.383.023
Observatorio	0	1.654.080	1.654.080	0	1.654.080
ICE	0	384.959	384.959	0	384.959
<b>Totais</b>	129.999.590	220.310.424	350.310.014	29.981.000	380.291.01

## EVOLUCION DO PRESUPOSTO DA BUSC

### PUBLICACIONES PERIODICAS



### MONOGRAFIAS



## APORTACIONES DEPARTAMENTOS, PROXECTOS, CENTROS

Centros	Monograf. Depart. e Proxec.	Publics. Depart. e Proxect.	Monograf.Centros	Publics.Centros	Equipam.Centros	Material Centros
BX						
Biología	192.198	35.505	0	0	0	441.657
CC.Económicas	0	0	0	560.989	547.621	33.352
Der.,Polít.,Gradu ad.	5.000.000	4.400.000	0	0	0	0
Farmacia	142.346	264.402	0	0	0	281.675
Filología	11.942.534	3.403.690	1.026.862	286.984	3.117.447	869.658
Fª,CC.Educ,Psic.	439.774	1.141.744	0	82.563	928.111	499.832
Física e Opt.	112.913	478.504	0	0	0	0
Xª,Hª,CC.Inf.	1.596.579	0	0	0	0	0
Matemáticas	0	401.846	1.100.000	62.235	236.234	0
Medicina	500.000	0	0	0	0	0
Química	0	0	8.147	70.570	112.957	57.171
Vet. e Polit.	66.081	0	0	167.185	0	0
CCs. e Human.	486.690	0	48.354	0	0	0
Maxist.Lugo	280.636	0	0	0	0	0
Maxist.Santiago	56.601	18.245	0	0	329.312	204.726
Empresariais	0	0	0	0	0	0
Enfermería	0	0	0	0	0	0
Observatorio						
ICE	0	0	288.510	282.711	0	0

**AXUDAS INFRAESTRUCTURA BIBLIOGRAFICA XUNTA DE  
GALICIA.  
1996**

	Axudas Xunta
BX	5.248.308
Bioloxía	2.223.261
CC.Económicas	1.593.000
Der.,Polít.,Graduad.	5.123.628
Farmacia	7.274.446
Filoloxía	3.801.455
Fª,CC.Educ,Psic.	4.695.745
Física e Opt.	3.218.668
Xª,Hª,CC.Inf.	4.684.647
Matemáticas	3.569.099
Medicina	4.338.807
Química	4.619.887
Vet. e Polít.	2.314.855
CCs. e Human.	6.207.937
Maxist.Lugo	391.000
Maxist.Santiago	420.258
Empresariais	275.000
Enfermería	0

## PERSOAL

A finais de 1996 a BUSC contaba co seguinte persoal:

•E. Facultativa de Bibliotecas:	5 (1 sen dotar)
•Técnico de Documentación Inform.:	1
•E. Axudantes Bibliotecas:	62
•Técnico de Xestión de Sistemas:	1
•Auxiliares administrativos:	5 (1 sen dotar)
•Auxiliares Técnicos de Bibliotecas:	74
•Porteiro Maior:	1
•Aux. Servicios. Area Conserxería:	2

Agora ben, o computo indicado inclúe o persoal a tempo parcial e contratos de obra derivados das ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados (BX, Dereito, Filoloxía, X<sup>a</sup> e Historia e Química) e excesos de cadro de persoal por distintos motivos (apertura salas de consulta en Optica e Políticas, catalogación Humanidades, etc.). As prazas reais na Relación de Postos de Traballo da USC son as seguintes:

•E. Facultativa de Bibliotecas:	5 (1 sen dotar)
•Técnico de Documentación Inform.:	1
•E. Axudantes Bibliotecas:	61
•Técnico de Xestión de Sistemas:	1
•Auxiliares administrativos:	5 (1 sen dotar)
•Auxiliares Técnicos de Bibliotecas:	67

- Porteiro Maior: 1
- Aux. Servicios. Area Conserxería: 2

De calquera xeito, no momento de redacción desta Memoria está a punto de presentarse a Xunta de Goberno a Oferta de emprego para 1997 na que se preven algunhas modificacións sobre esta relación de persoal.

Contouse tamén coa colaboración dun Axudante do Servicio de Bibliotecas da Xunta de Galicia durante todo o ano, e 7 becarios de FP en prácticas (3 na BX, 2 en Filoloxía, 1 en Maxisterio de Lugo e 1 en EU de Empresariais).

Dados os cambios que se van producir en 1997 na estrutura bibliotecaria do Campus de Lugo, a Dirección da BUSC realizou unha proposta de adaptación orgánica e dimensionamento do cadro de persoal bibliotecario deste Campus.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 1996 por puntos de servicios, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

Centros	Fac. e Axu. Bibl.	Tco. Inform.	Aux. Admon.	Aux. Tcos.	Porteiro Maior, Cons.
BUSC	4	1			
Biblioteca Xeral	18		4	15 <sup>1</sup>	3
Biología	2			4	
Económicas	3			6	
Dereito, CC. Polít. e R.	4			7 <sup>2</sup>	
Farmacia	2			4	
Filoloxía	5			7 <sup>3</sup>	
Filosofía, CC. E. e Ps.	6			5	
Física e Óptica	1			4	
X <sup>a</sup> , Historia e CC. Inf.	5			7 <sup>4</sup>	
Matemáticas e Obs.	2			4	
Medicina	3			5	
Química	2			5 <sup>5</sup>	
Veterinaria e Politécnica	3			6	
CC. e Humanid.	2			3	
Maxist. Lugo	1 <sup>6</sup>			2	
Maxist. Sant.	1				
Empresariais	2 (1 compartido do Maxist.)			2	
Enfermería	persoal compartido Medicina			2	

<sup>1</sup> 2 xornada parcial

<sup>2</sup> 1 xornada parcial

<sup>3</sup> 1 xornada parcial

<sup>4</sup> 1 xornada parcial

<sup>5</sup> 1 xornada parcial

<sup>6</sup> Comparte a Dirección con Empresariais

A formación continuada do persoal da BUSC abriuse neste ano a novas vías, ó poñer a Xerencia en marcha o Plano de Formación da USC. Neste Plano a área de Bibliotecas está representada dentro da Comisión de formación ó través da Dirección da BUSC, e enmarcados nel realizáronse 2 Cursos específicos nesta área en 1996: Novas Tecnoloxías en Bibliotecas, dirixido ós Axudantes de Bibliotecas, e Técnicas de traballo para Auxiliares Técnicos de Bibliotecas. O primeiro tiña coma finalidade prepara-lo colectivo bibliotecario cós sistemas de recuperación de bases de datos en soporte CD-ROM, ata agora en instalacións locais, pero pronto consultables en rede. O segundo familiarizar ós auxiliares técnicos cos módulos de préstamo e consulta de catálogos automatizados, así como cos obxectivos actuais da BUSC, incluíndo a avaliación.

Tamén houbo participación do persoal da BUSC en cursos do Plano de formación da USC de carácter xenérico: A Comunicación na atención ó público, Lingua galega, Desenvolvemento de habilidades directivas, etc.

Na BX impartíuse no mes de xuño a formación requerida para a realización do Catálogo de Publicacións Periódicas automatizado, que foi impartido ó persoal que traballa neste campo de cada Centro pola empresa Sabini, a Subdirectora Técnica da BUSC e a Xefa de Negociado de Publicacións Periódicas.

Dentro das actividades formativas de Rebiun (Rede de Bibliotecas Universitarias) desenvolveuse no marco dos Cursos de Verán da Universidade de Cantabria un seminario sobre Avaliación de Bibliotecas Universitarias, dirixido pola Directora da BUSC, e ó que asistiron a Subdirectora de Coordinación, o Director da

Biblioteca de Maxisterio de Santiago, e a Xefa de Negociado de Publicacións periódicas da BX.

O persoal da BUSC participou tamén en diversas actividades formativas organizadas por outros organismos, especialmente a Xunta de Galicia, en cursos coma Iniciación á Documentación, Internet, etc.

No marco das bolsas concedidas polo Ministerio de Cultura para estadias en bibliotecas extranxeiras de 1995, en 1996 realizaron visitas profesionais á Biblioteca Universitaria de Luxemburgo e á Biblioteca Nacional de Sofía a Xefa de Negociado de Catalogación e o Xefe de Negociado de Mantemento de Fondos da BX.

## INSTALACIONES E EQUIPAMENTO

En 1996 continuou a construción do edificio para a Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, que está previsto que entre en funcionamento ó inicio do Curso 1997-1998.

Tamén a USC avanzou cara a consecución dunha parcela que permita construír un edificio para a Biblioteca Intercentros de Dereito, CC. Políticas e Graduados Sociais na proximidade destes Centros.

Apenas houbo modificacións nas instalacións existentes, destacando soamente o aumento de postos de consulta na Biblioteca da F. de Química que pasou de 180 a 234, e a ampliación do depósito na Biblioteca de X<sup>a</sup> e Historia e CCI, así coma 16 novos postos na B. de Filoloxía.

En canto ás obras de acondicionamento de depósito da BX para mellora das condicións ambientais e de seguridade, que tiveran o seu inicio en decembro de 1995, hai que sinalar que se melloraron as instalacións de aire acondicionado, pero o cambio do sistema anti-incendios está sen rematar, debido á necesidade de inspección arqueolóxica por parte da Xunta de Galicia.

Respecto ós equipamentos si se produxeron melloras substanciais, coma xa se indicou no apartado inicial e de presuposto desta Memoria.

Suliñar de novo que a partir de 1996 se pode mellorar considerablemente o envío de fotocopias de artigos entre os puntos de servizo da USC grazas ós fax conectados ó SECUS (e polo tanto sen custos de transmisión) dos que actualmente dispoñen tódalas bibliotecas.


Tamén indicar que no momento actual os postos de traballo e consulta que están a empregarse dende a BUSC co seu ordenador son 150, dos que 122 son terminais e 28 PCs.

Na BX instaláronse 2 novos equipos informáticos na Mediateca para consulta de CD-ROMs e acceso Internet e na Hemeroteca para consulta de índices e prensa que está aumentando considerablemente a edición neste soporte.

## DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIONS

A BUSC ingresou en 1996 36.674 títulos de monografías, un 12.78% máis que en 1995, crecemento que en principio se corresponde tanto co incremento do presuposto ordinario coma da dotación das Axudas de Infraestrutura Bibliográfica da Xunta de Galicia.

A evolución dos ingresos de publicacións unitarias no último quinquenio é a expresada polo gráfico seguinte, no que se pode ver con claridade o incremento no ano 1996, despois de 2 anos de ingresos estabilizados. Hai que resaltar tamén o esforzo realizado polo persoal da BUSC que está a soportar maiores cargas de traballo nesta área, sen incrementos de persoal:



Dos 36.674 títulos, 26.023 (14% incremento sobre 1995) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver gráficos no apartado de Presuposto), 1.813 (1.9% incremento sobre 1995) coas Axudas da Xunta, 2.536 (6.37% incremento sobre 1995) por intercambios, 5.036 (incremento 26.18% sobre 1995) doazóns, e 1.266 títulos por Depósito Legal (-18.2%).

Polo tanto vese claramente que o incremento de títulos deriva fundamentalmente das doazóns e do incremento dos créditos USC, máis que de ningún outro factor. Hai que destacar que por exemplo a BX pasou de 893 doazóns en 1995 a 2.019 en 1996. Sen dúbida é un feito positivo para a BUSC, pero hai que ter en conta que moitas doazóns son títulos duplicados que ingresan por distintas vías, e que incrementan o número de fondos das bibliotecas, pero non a información da mesma.

Dicir tamén que moitas doazóns son redirixidas pola BX a outras Bibliotecas cando os fondos xa existen en número suficiente nela, primándose o envío ó Campus de Lugo, e de non ter interese nese Campus a outras bibliotecas. Estes fondos orixinan unha forte carga de traballo no servizo de adquisicións (comprobacións nos catálogos, etc.), aínda que logo non se vexan reflexados nos datos estatísticos.

Entre as doazóns procedentes de particulares hai que destacar a de D. Ignacio Ribas Marqués, que se integrou nas bibliotecas da F. de Química e Ciencias de Lugo, e a procedente do convenio asinado pola USC con D. Francisco Pillado Mayor con destino á F. de CC. da Información, aínda que estes fondos non se contabilizan nos datos desta Memoria posto que aínda non se procedeu o seu traslado á BUSC.

Segundo coa política de conseguir coleccións exhaustivas de fondos galegos, a BX adquiriu distintos fondos retrospectivos en librerías de anticuario e de mercado de ocasión. Entre estas adquisicións hai que destaca-la compra de distintos fondos da década dos 60 do editor galego en México Alejandro Finisterre (obras de Rosalía de Castro, Antoniorrobles, León Felipe, etc.), de obras de Luis Seoane editadas en Buenos Aires (*Paradojas de la torre de marfil*, *32 refranes criollos*, *Retratos furtivos*, *Otros retratos furtivos*), da edición de *Galicia* de Juan Rivero (La Habana, 1905), etc. Da edición realizada en España, destaca-lo folleto de Vicente del Seixo *Que origen tuvo la tolerancia de que usa la Iglesia romana con la Iglesia griega* (1788), a primeira edición de *La familia de Pascual Duarte* de Camilo José Cela (Madrid, 1942), de Luis Taboada *Titirimundi* (Madrid, 1892), de *Compendio histórico-crítico de la jurisprudencia romana....* extractado por Nicomedes Pastor Díaz, e de *¿E decimolo ou non-o decimos?*, texto e edición de Anxel Fole (Lugo, 1972). De especial interese é a adquisición de dous impresos do século XVI: *Información en derecho dela cofradia del cuerpo sancto y villa de Pontebedra con los vezinos del puerto de Côvarro* (158-?), e *Privilegio del rey Ramiro y de los votos de Sanctiago, con la confirmacion del Papa Celestino....* (Madrid, 1567).

Así mesmo foron adquiridos 2 manuscritos: Narciso Zepedano Carnero: *Proyecto de fundación de una Sociedad de Seguros Mutuos de Ganados* (1857), e *Fundación é Obra Pía de Sistallo (San Xoan de Sistallo, Lugo)* (1750-1808).

En total o número de títulos ingresados nos fondos galegos da BX foi de 3.019 títulos, incluíndo a edición en curso (en parte procedente do Depósito Legal) e os fondos retrospectivos.

Pola súa parte a Biblioteca América ingresou 1.331 títulos, dos que 463 foron doazóns.

As coleccións históricas da BX completáronse coa edición en microforma de *Escritoras Españolas 1500-1900*, adquirida coas Axudas de Infraestructura bibliográfica da Xunta de Galicia. Coa mesma subvención adquiriuse tamén *Bibliography of American Imprints to 1901* e os CD-ROMs editados en 1996 de *Periodical Contents Index*, ambas para a Sección de Información Bibliográfica e Referencia.

Unha distribución por Centros dos principais datos de adquisicións en 1996 é a que se contén na taboa seguinte:

	Compra presup.USC	Compra Ax.Infr.Xunta	Adquisicións 1996
BX	3.526	3	7.209
Bioloxía	486	70	742
CC.Económicas	2.020	0	2.387
Der.,Polít.,Graduad.	3.297	267	3.786
Farmacia	337	37	564
Filoloxía	3.528	102	4.711
Fª,CC.Educ,Psic.	2.516	276	3.158
Física e Opt.	540	40	679
Xª,Hª,CC.Inf.	2.445	281	3.836
Matemáticas	515	82	682
Medicina	311	2	621
Química	290	42	426
Vet. e Polit.	1.186	63	1.463
CCs. e Human.	1.157	492	1.839
Maxist.Lugo	2.032	2	2.141
Maxist.Santiago	1.042	10	1.239
Empresariais	432	44	494
Enfermería	165	0	203
ICE	198	0	494

As coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC mantiveronse en liñas xerais cos mesmos títulos de anos anteriores, aínda que se pecharon 69 títulos, abríndose 49 novas subscripcións a cambio, entre as que se encontran 13 títulos correspondentes á ampliación de subscripcións para a F. de Políticas, aprobada na Comisión da BUSC.

Fundamentalmente coas Axudas de Infraestrutura da Xunta de Galicia e con presupostos de Departamentos e Proxectos de Investigación completáronse 100 títulos de revistas xa existentes nas diferentes bibliotecas. Na BX adquiríronse 687 fascículos que completan fondos galegos da Sección de Galicia, entre os que cabe destacar o *Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo* 1897-1913 (432 fascículos), *Ecuador 0° 0' 0''*, (México 1952,1959,1964), así coma diversas memorias e balances de sociedades galegas da primeira metade do século XX. Enmarcada nos fondos históricos desta Biblioteca hai que suliña-la adquisición do facsímil do *Journal Encyclopédique* (1756-1793).

Tamén se recibiron 188 fascículos de 66 títulos procedentes de intercambios con 20 bibliotecas, destacando as aportacións da Facultade de Medicina da U. Complutense. A BUSC enviou 2.609 fascículos de 218 títulos a 24 bibliotecas, destacando o envío de 1.411 á Universidade de Vigo.

Un desglose do estado destas coleccións pode verse na seguinte táboa, na que hai que advertir que o total de títulos en curso incorpora, ademáis de revistas pagadas con calquera presuposto, intercambios e doazóns, os títulos editados pola propia USC que se están a recibir:

Centros	Títulos pechados	Pres. BUSC	Pres. Depart., Centros	Intercambio	Doazóns	Total tít. en curso
BX	8.184	102	50	91	266	509
Bioloxía	496	133	17	152	6	309
CC.Económicas	971	296	8	36	301	640
Der., Polít., Graduat.	1.044	537	223	87	219	1.068
Farmacía	663	241	21	57	74	393
Filoloxía	637	354	212	138	67	775
Fª, CC. Educ., Psic.	517	272	61	101	49	483
Física e Opt.	215	199	100	9	8	316
Xª, Hª, CC. Inf.	1.272	495	183	298	49	1.028
Matemáticas	60	238	13	43	18	312
Medicina	896	293	0	12	64	369
Química	339	166	3	21	30	220
Vet. e Polit.	257	207	2	4	71	286
CCs. e Human.	191	130	8	2	23	169
Maxist. Lugo	83	59	0	0	5	66
Maxist. Santiago	187	105	8	74	39	230
Empresariais	58	48	0	0	20	70
Enfermería	5	21	0	0	16	37
Observatorio	208	21	1	42	0	64
ICE	205	17	39	3	65	124
Totais	16.488	3.934	949	1.170	1.390	7.468

En canto á restauración de fondos históricos, realizáronse 4 intervencións nas obras seguintes:

- Antonio de Guevara: *Vida de los diez emperadores romanos*. Madrid, 1669.


- *Constituciones del Colegio de San Clemente de Pasantes*. Manuscrito, 1635

- Cadalso, José (en realidade a obra é de Ramírez de Góngora) : *Optica del cortejo*. Madrid, 1788.

•Riobóo y Seijas, Antonio: *La Barca más prodigiosa : poema historial sagrado....* Santiago, 1728.

As tres primeiras estaban fundamentalmente afectadas por fungos, manchas e zonas perdidas, con especial incidencia na obra atribuída a Cadalso. Na última o taller do Arquivo Histórico e Universitario da USC, a quen agradecemos a súa colaboración, realizou unha pequena intervención con inxerto de pergameo na cuberta e de papel no primeiro gravado e folla de garda.



As ilustracións seguintes mostran o estado anterior á restauración e a situación actual de dúas destas obras.



OPTICA  
DEL CORTEJO

ESPEJO CLARO  
En que con DEMONSTRACIONES PRACTICAS  
DEL ENTENDIMIENTO  
SE MANIFIESTA LO INSUBSTANCIAL  
DE SEMEJANTE EMPLEO.  
OCIOS POLITICOS )  
DE D. JOSEPH CADALSO, CORONEL,  
y Comandante que fue de Escuadron del Regimen-  
to de Caballeria de Borbon, y Caballero  
del Abito de Santiago.

AUTOR QUE FUE DE LOS ERUDITOS A LA YUGA  
MADRID : M.DCCCLXXXVIII  
POR HERNANDEZ PACHECO.  
Se halla en su imprenta calle de las Tuercas





OPTICA  
DEL CORTEJO.

ESPEJO CLARO  
En que con DEMONSTRACIONES PRACTICAS  
DEL ENTENDIMIENTO  
SE MANIFIESTA LO INSUBSTANCIAL  
DE SEMEJANTE EMPLEO.  
OCIOS POLITICOS )  
DE D. JOSEPH CADALSO, CORONEL,  
y Comandante que fue de Escuadron del Regimen-  
to de Caballeria de Borbon, y Caballero  
del Abito de Santiago.

AUTOR QUE FUE DE LOS ERUDITOS A LA YUGA  
MADRID : M.DCCCLXXXVIII  
POR HERNANDEZ PACHECO.  
Se halla en su imprenta calle de las Tuercas





## PROCESOS TECNICOS

En xaneiro de 1997 a base de datos bibliográfica da BUSC contaba con 333.102 rexistros bibliográficos correspondentes a 383.000 volumens de monografías, 39.841 descripcións de partes compoñentes (artigos de revistas e partes de monografías), e 17.071 títulos de revistas.

En 1996 iniciouse o proceso de incorporación ó catálogo automatizado dos fondos das bibliotecas das Facultades de CC Económicas e Empresariais e das bibliotecas do Campus de Lugo. Destas últimas xa se está realizando o volcado dos rexistros no momento da redacción desta Memoria, e son en boa parte xa consultables a través do Catálogo público en liña, aínda que non se contemplan os datos nesta Memoria.

Debido a que a adxudicación dos traballos anteditos se realizou con máis baixos prezos que os contemplados no concurso, a finais de 1996 preparouse coa remanente un novo concurso que incorporará ó catálogo os fondos da biblioteca da F. de Medicina e algúns fondos da BX.

Paulatinamente ó longo dos meses de 1996 foron incorporándose á catalogación automatizada os fondos en curso de adquisición varias Bibliotecas, unha vez que o ordenador da BUSC estivo disponible en rede. Estas Bibliotecas foron CC. Económicas e Empresariais, X<sup>a</sup> e Historia, Maxisterio de Santiago, ICE, Observatorio, Medicina e Enfermería. Así pois, a finais de 1996 tódalas bibliotecas de Santiago agás a de Dereito realizaban a


catalogación en curso de forma automatizada, realizándose tamén o planeamento para que a principios de 1997 comecen a facelo as bibliotecas do Campus de Lugo.

Dos 333.102 rexistros bibliográficos, 316.031 corresponden a libros, folletos e materiais noutros soportes e destes 80.332 corresponden á base de datos de Galicia. O estado da base de datos de monografías e dos catálogos que a forman pode verse a continuación:


### Catálogo



### Fondos xerais



### Fondos Galicia




A distribución destes fondos por Centros figura nos gráficos seguintes, aínda que é preciso aclarar:

- As Bibliotecas Xeral, CC. Económicas, Medicina, ICE e Maxisterio de Santiago non teñen os seus catálogos completos, xa que ou ben se atopan en proceso de reconversión ou está será abordada en 1997.

- As restantes bibliotecas teñen os seus catálogos completos automatizados, xa que nelas finalizou o proceso de reconversión.

Os datos correspondentes as publicacións periódicas están en proceso de revisión, coma se explicará posteriormente.

	Exemplares
BX	85.199
Biología	14.006
CC.Económicas	10.350
Farmacia	11.246
Filoloxía	99.355
Fª,CC.Educ,Psic.	46.355
Física e Opt.	7.839
Xª,Hª,CC.Inf.	66.318
Matemáticas	21.317
Medicina	1.195
Química	11.029
Maxist.Santiago	6.904
Enfermería	45
Observatorio	1.045
ICE	642
IDEGA	155



Compre destacar o alto número de localizacións de exemplares e rexistros introducidos pola biblioteca de Maxisterio de Santiago pese a non ter comezada a súa automatización ata o mes de marzo.

O catálogo de publicacións periódicas é froito dun volcado dunha base de datos de revistas realizada nos anos 80, que contén a

maior parte das revistas existentes na BUSC, pero tamén as doutros Centros como o Hospital Xeral de Galicia. Nos planos da BUSC figuraba ter actualizado este catálogo a fins de 1996, ó menos para aquelas publicacións en curso de recepción. Sen embargo, teñéñse producido retrasos considerables en moitos Centros cara a lograr este obxectivo. Soamente a BX e a Biblioteca de Física e Optica teñen neste momento actualizados tódolos súas coleccións no catálogo, tanto de revistas en curso coma de revistas pechadas.

En conxunto o catálogo de revistas tiña a fins de 1996 información bibliográfica de 17.071 títulos correspondentes a 19.827 coleccións, das que 1.727 son galegas. A distribución destas coleccións e os traballos de revisión realizados por cada Biblioteca a fins de 1996 pódense ver no cadro seguinte:

<b>Centros</b>	<b>Coleccións existentes</b>	<b>Coleccións revisadas</b>
Biblioteca Xeral	8.693	8.693
Bioloxía	508	105
Económicas e Empres.	1.472	226
Dereito, CC.Políticas	892	86
Farmacía	1.036	148
Filoloxía	1.213	267
Filosofía, CC.E. e Psic.	948	257
Física e Óptica	437	389
X <sup>a</sup> , Historia e CC.Infor.	1.475	40
Matemáticas	390	132
Medicina	492	139
Química	495	78
Veterinaria e Polit.	252	0
CC. e Humanidades	220	0
Maxisterio Lugo	118	0
Maxisterio Santiago	431	235
Empresariais	49	0
Enfermería	21	0
Observatorio	278	0
ICE	221	44
ILGA	31	0
AHU	20	0
Cent. Doc. Europ.	135	0

## SERVICIOS

En 1996 ampliáronse os horarios de servicio de consulta en distintos puntos da BUSC, tanto pola apertura en sábados das Bibliotecas de Filoloxía e Xeografía e Historia coma pola apertura nocturna da BX. Así pois, no momento actual abren os sábados as Bibliotecas seguintes: BX (que xa o facía tradicionalmente), e as Bibliotecas das Facultades de Dereito, CC. Políticas e Graduados Sociais, Química (dende 1995) e Filoloxía e Xeografía e Historia e CCI (dende 1996). Ademais dende 1996 a BX abre a súa Sala de Consulta xeral nos meses de febreiro, xuño e setembro con horario ininterrompido dende as 8.30 h. ás 2.30 h.

Sen dúbida o servicio que se considerou prioritario neste ano foi a posta en marcha da consulta en rede ó catálogo en liña, as modificacións que se realizaron o sistema de automatización para mellora-lo Catálogo de acceso público propostas conxuntamente por esta Biblioteca, a da Universidade de Cantabria e a da Universidade Pública de Navarra, o inicio do WWW da Biblioteca, e os traballos realizados para a posta en marcha da rede de CD-ROMs en 1997.

En relación co Catálogo comezouse a recollida automática de datos con obxecto de que a Biblioteca poda avalia-lo uso, características e problemas dos usuarios no seu manexo. Dado que estes datos só están disponibles neste ano 1996 a partir de xuño,

inclúese a continuación unha análise do primeiro trimestre do Curso Académico 1996-97 .

Nestes tres meses realizáronse 213.937 entradas no sistema automatizado da Biblioteca, das que 203.647 (95%) foron feitas dende as terminais existentes nas propias instalacións, 9.297 (4.3%) dende outras máquinas conectadas ó SECUS, e 993 (0.5%) dende Internet. As 9.297 entradas realizadas dende outras máquinas da Universidade, excluindo as da Biblioteca, corresponderon a 5.332 conexións, cun tempo medio de 6 minutos por conexión.

Do conxunto destas entradas o 2.5% fixeron uso da información que o sistema proporciona sobre a biblioteca, o 4% consultaron o estado dos seus préstamos, o 1.4% información sobre Sabini, e o 92% entraron no catálogo.

As conexións ó catálogo supuxeron 657.031 consultas, sendo por tanto a media de consultas por entrada no catálogo de 3.3. A análise das formas de busca no catálogo por parte dos usuarios é do máximo interese para a Biblioteca, xa que serán indicadores que nos permitan plantexa-las modificacións ó software da maneira máis conveniente para os usuarios e ademáis coñece-lo grao de análise da información bibliográfica requerido e polo tanto axusta-los procesos técnicos ás necesidades reais de información dos usuarios da BUSC.


Pois ben, nos meses estudados as consultas realizadas nos catálogos de monografías, 641.083, escolleron coma forma de entrada fundamentalmente o autor ou nome de persoa, realizándose así 319.743 consultas.

Títulos e temas foron as formas escollidas por un número considerable de consultas: por título ou palabra en título realizáronse 140.978, por tema ou palabra en tema 133.771. En todo caso, hai que sinalar que o comportamento entre títulos e temas foi

distinto nos tres meses, xa que mentras en outubro se primou a clave de título, en novembro e decembro as claves título e tema practicamente igualáronse, manténdose sen embargo a primacia nas buscas por autor ou persoa.

En tódolos índices simultaneamente realizáronse 35.872 consultas, e tódalas restantes formas de acceso (institucións, congresos) tiveron un uso moi limitado.

Gráfica e porcentualmente, as consultas dos tres meses foron as que indica o cadro seguinte:



O Catálogo de revistas tivo 18.899 consultas, das que lóxicamente unha grande parte o 64.5%, foron por título; o 31% por tódolos índices e as restantes por entidades. Téñase en conta que neste catálogo non hai a posibilidade de busca por temas.

Unha mostra das claves de acceso ó catálogo indica que os usuarios empregan perfectamente os criterios de busca, con algunhas excepcións nas que parecen confundir títulos e materias, xa que a expresión de busca nesta ocasións parece indicar un tema, pero o modo de acceso que se usa é o título.

Os servicios de consulta en sala supuxeron 158.093 consultas de fondos de depósito, ós que habería que sumar en moitas bibliotecas o importante uso de fondos en acceso directo (fundamentalmente manuais) dos que se carece de datos. O uso de revistas exclúese deste computo e os resultados das mostras realizadas en 1996 poden verse no seguinte apartado desta Memoria.

Ö longo deste ano foise automatizando o control das consultas realizadas nos distintos puntos, polo que os datos de 1996 son a suma do control manual e automático nas distintas bibliotecas. A distribución das 158.093 consultas controladas entre os distintos puntos de servicio pode verse na táboa seguinte:

Centros	Consultas
Biblioteca Xeral	15.792
Bioloxía	910
Económicas e Empres.	9.423
Dereito, CC. Políticas e Graduados	13.000
Farmacia	2.473
Filoloxía	14.222
Filosofía, CC.E. e Psicoloxía	13.852
Física e Optica	2.028
Xª, Historia e CC. Información	8.811
Matemáticas	4.922
Medicina	20.830
Química	8.474
Veterinaria e Politécnica	23.222
CC. e Humanidades	6.725
Maxisterio Lugo	4.343
Maxisterio Santiago	5.621
Empresariais	1.515
Enfermería	1.960

O servizo de **préstamo a domicilio** realizou 302.248 préstamos, que se distribuíron nos distintos puntos de servizo do seguinte xeito:

<b>Centros</b>	<b>Préstamos</b>
Biblioteca Xeral	44.206
Bioloxía	14.547
Económicas e Empres.	20.912
Dereito,CC.Políticas e Graduados	6.700
Farmacia	6.530
Filoloxía	43.211
Filosofía, CC.E. e Psicoloxía	25.743
Física e Optica	14.552
Xª, Historia e CC.Información	24.418
Matemáticas	12.996
Medicina	8.666
Química	9.026
Veterinaria e Politécnica	31.913
CC. e Humanidades	10.323
Maxisterio Lugo	5.759
Maxisterio Santiago	11.220
Empresariais	7.094
Enfermería	2.875
ICE	1.557

En conxunto consultas e préstamos supuxeron o uso de 460.341 documentos da BUSC, o que supón unha baixa do 2.6%. A diminución das consultas podese explicar en base a dispoñibilidade de coleccións, especialmente manuais, en acceso directo, xa que os datos de préstamo a domicilio aumentan nun 2.1% respecto ó ano anterior. Téñase en conta que bibliotecas coma as de Bioloxía, CC

Económicas e X<sup>a</sup> e H<sup>a</sup> puxeron en 1996 as súas coleccións de uso máis frecuente en acceso directo.


Continúa así mesmo a tendencia a que o préstamo constitua o servizo que move máis fondos da BUSC (1994: 55.78%, 1995: 62.60%; 1996: 65.65%).

Neste ano o servizo de préstamo estableceu unha nova modalidade: dada a disponibilidade do catálogo dende calquera punto, os distintos puntos de servizo fan o préstamo de fondos onde queiran que estes se ubiquen. Esta modalidade ofertase só a profesores e investigadores dentro do mesmo campus, e tamén ós alumnos entre Lugo e Santiago.

Fora deste servizo, servíronse tamén 2.558 artigos fotocopiados entre as distintas bibliotecas da BUSC.


Seguíronse tamén realizando mostras cara a avaliación do uso das revistas. Os períodos da mostra foron 6 semanas ó longo do curso académico: 12-16 de febreiro, 11-15 de marzo, 15-19 de abril, 27-31 de maio, 21-25 de outubro e 25-29 de novembro. Polo demais, utilizouse a mesma metodoloxía que en 1995, de tal xeito que neste momento existen os datos para realizar un estudo global dos dous anos.

Nas 6 semanas de 1996 recolléronse 4.125 enquisas (-12.9% respecto a 1995), que corresponderon a 7.258 consultas, sendo a súa distribución respecto ós períodos a seguinte:




Das consultas realizadas o 86.3 % (1995: 79.3%) foron de usuarios da USC, o 0.7% (1995: 0.7%) de usuarios da Universidade de A Coruña, o 1% (1995: 1.8%) da Universidade de Vigo, e o 12.1% (1995: 17.8%) doutros tipos de usuarios.


Dentro do grupo de usuarios da USC as consultas distribuíronse como segue:




A distribuição das consultas por biblioteca e tipo de usuarios é a que segue:



A distribución das consultas de acordo á procedencia dos usuarios foi a seguinte:




As consultas realizadas en cada biblioteca foron as seguintes:




Neste gráfico inclúense as consultas realizadas no Hospital Xeral, xa que na súa biblioteca se encontran unha parte importante das revistas subscriptas pola Biblioteca da Facultade de Medicina.

En canto ó tipo de consultas realizadas, segue a haber ó igual que o ano anterior unha moderada actividade de *browsing*, aínda neste ano un pouco máis baixa. O *browsing* en índice é do 5,3% (1995: 8%), o *browsing* da revista o 13,8% (1995: 11,5%), e o uso declarado de lectura de artigo ascende do 72,4% de 1995 ó 80,8%. Resultados similares encóntranse cando os usuarios son só os da USC: 5,7%, 14,8% e 79,5%. A distribución das actividades por cada grupo da USC é a seguinte:



O 8.5% (622) das consultas realizáronse en publicacións periódicas en CD-ROM, mentras que so representaban o 5.7% en 1995. Destas consultas soamente o 13.8% precisaron axuda do persoal bibliotecario fronte a 1995 en que o 29.83 si a precisaron.

A valoración dos títulos consultados indica un grao de satisfacción alto coas coleccións coma se pode ver a continuación:



O servizo de **préstamo interbibliotecario** seguiu a realizar en 2 puntos de servizo para a BUSC : a B. da F. de Medicina para os usuarios desta Facultade e a Biblioteca Xeral para tódolos restantes usuarios. En conxunto ambas bibliotecas recibiron 13.667 (-1.8% que en 1995) solicitudes de documentos non existentes na BUSC e 7.818 (-13.8% que en 1995) solicitudes de documentos propios por parte doutras bibliotecas e centros de documentación, datos que continúan a baixa xa detectada en 1995, fronte ós fortes incrementos de anos anteriores.

Na Biblioteca Xeral realizáronse 13.257 (-2.43% de 1995) transaccións de solicitudes de documentos, dos que 8.164 (-0.2% de 1995) foron solicitudes da BUSC e 5.093 (-5.8%) foron solicitudes doutras bibliotecas á BUSC.

Do conxunto de solicitudes dos usuarios da BUSC 634 solicitudes non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España

e non desexar os usuarios que se demandasen ó extranxeiro ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos. Das restantes solicitudes obtiveronse 6.660 documentos (88%), non se obtiveron 450 (5%) e estaban en trámite a fins de ano 420 (5%). O promedio de tempo na obtención dos documentos foi de 20.65 días (1995 : 22.67 días). Cando as respostas foron negativas o tempo medio en obter contestación foi de 28.35 días.


Para o 65.1% destas solicitudes empregouse coma medio de transmisión o correo electrónico, o que explica a redución dos prazos de obtención dos documentos, pero aínda o 33.7% das solicitudes foron enviadas por correo ordinario, ó carecer de correo electrónico o centro suministrador.

A maioría destas demandas foron artigos de revistas obtidos en fotocopias, aínda que 1.086 (incremento do 30.21 sobre 1995) foron documentos orixinais prestados temporalmente.

Destes documentos 4.503 foron localizados en Bibliotecas españolas, e dentro delas un 54.5% en bibliotecas da rede REBIUN. O máis importante provedor para a BUSC no extranxeiro é a British Library, de quen se recibiron o 20.3% dos documentos obtidos.

A BUSC realizou este servizo para as Universidades de A Coruña e Vigo, que solicitaron 1.169 e 1.694 documentos respectivamente.

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:



Pola súa parte a Biblioteca da F. de Medicina realizou 7.788 transaccións, das que 5.063 (-9.3% sobre 1995) foron solicitudes dos seus usuarios, e as restantes 2.725 (-21.6% sobre 1995) solicitudes sobre os seus fondos. Neste ano a Biblioteca automatizou este servizo co programa SOD.

Dos documentos solicitados obtiveronse 4.455 (88%), non se obtiveron 472 (9%), e quedaron a fin de ano en trámite 136 (2.7%). O tempo medio das respostas positivas foi de 14.98 días e das negativas 62.22.


Dos documentos propios suministraronse neste punto o 94.7% (2.580 documentos).

As solicitudes de usuarios da USC seguiron a mostrar na BX unha grande dispersión de títulos, xa que soamente 14 títulos tiveron máis de 15 demandas no ano, pero algúns corresponden maioritariamente a demandas de usuarios de A Coruña e Vigo.

Dos 8 títulos solicitados máis 15 ou máis veces por usuarios da USC, 3 encontráanse na USC, aínda que 2 deles coa subscripción interrompida (*Biochim Biophys Acta*, *Macromolecules*) e 1 subscribiuse para 1997 (*Genomics*). As 21 solicitudes de Jnl Asthma foron dun único solicitante, estando moi concentradas tamén as solicitudes de *Cognition* (29 solicitudes de 2 usuarios), *Acta Hort.* (19 solicitudes de 3 solicitantes), *Jnl of the Acoustical Soc of America* (15 solicitudes de 2 solicitantes), e *Medicina Clínica* (17 solicitudes de 3 solicitantes).

Os títulos demandados na B. da F. de Medicina que tiveron 15 ou máis solicitudes foron 25, e deles 18 tiveron 6 ou máis usuarios. Destes 18 títulos, 4 existen nas coleccións da BUSC (Bioloxía e Medicina), aínda que non os números solicitados. Os tres títulos máis solicitados tendo en conta o número de artigos solicitados e o número de solicitantes distintos foron: *Journal of Periodontology* (44 solicitudes de 15 usuarios), *Journal of Oral and Maxilofacial surgery* (37 solicitudes de 13 usuarios) e *Oral Surgery, oral medicine, oral pathology* (33 solicitudes de 15 usuarios).


As solicitudes recibidas nos dous puntos de préstamo interbibliotecario corresponderon a fondos dos distintos puntos de servicio coma pode verse no seguinte gráfico:



Dos documentos propios suministrados 651 foron préstamos de orixinais, dos que a maioría corresponderon ás Bibliotecas de Filoloxía (196), Filosofía, CC. Educación e Psicoloxía (179) e BX (100).

Os restantes documentos suministrados foron artigos de revistas, dos que Medicina foi o principal proveedor (2.725 artigos), seguida pola B. de Farmacia (666 artigos), e a B. de Química (567 artigos).

En conxunto os datos de ambos puntos de préstamo interbibliotecario son os correspondentes ó cadro seguinte:



Ademáis destes fondos, as distintas bibliotecas da BUSC serviron 424 documentos á Universidade de A Coruña e 969 á Universidade de Vigo. A Biblioteca da Facultade de Matemáticas pola súa parte enviou 131 documentos á rede DOCUMAT, recibindo desta mesma rede 47.

Coma un servizo de **difusión** da información que compon a BUSC, esta seguiu a colaborar con distintas institucións cara á realización de exposicións e á reprodución dalgúns dos seus fondos.

En 1996 emprestaronse distintas obras do século XVI para a exposición *Libros antiguos de Matemáticas*, realizada polo Congreso Internacional de Educación Matemática realizado en Sevilla no mes de xullo.

Así mesmo diversas obras do século XVIII estiveron expostas na Mostra *Arte y devoción: la estampa religiosa en el grabado barroco en Galicia*, organizada pola Fundación Barrié de la Maza en A Coruña en decembro.

Tamén participio a BUSC na exposición do Día das Letras Galegas, dentro do marco do V Centenario da USC, con diversas obras da Sección Galicia, especialmente con algunhas valiosas adquisicións realizadas nos últimos anos.

Entre as reproducións de fondos hai que salienta-la edición realizada pola Xunta de Galicia de *Historia Natural de la Isla de Cuba* de Ramón de la Sagra, feita sobre un exemplar da BX.

## INDICE

Marco Xeral	1
Presuposto	4
Persoal	15
Instalacións e equipamento	20
Desenvolvemento das coleccións	22
Procesos técnicos	30
Servicios	36

